

A VIAXE

ferramentas para construír
acción social colaborativa

20 ao 24 de
febreiro

Santiago de
compostela


**"NO CAMIÑO DA VIDA
NON É TAN IMPORTANTE
A DISTANCIA QUE
PERCORRES SENÓN A
DIRECCIÓN QUE LEVAS ..."**

POR QUE NACE A VIAXE?

Cantas veces queremos facer cambios nas nosas comunidades e na nosa contorna... Mellorar as relacións co noso equipo de traballo dentro das organizacións... Favorecer o benestar coa nosa veciñanza... Aprender a comunicarnos cos nosos fillos... Impulsar un modelo educativo máis libre e centrado no desenvolvemento da persoa.... Activar a miña forma de xerar novas oportunidades laborais...

O programa A Viaxe xorde para aportar ferramentas que faciliten que as persoas tomen impulso e comecen novas aventuras e cambios no seu contorno persoal ou profesional.

Atrévete?



QUE É A VIAXE?

*"Todo parece imposible
ata que se fai" (Mandela)*

A Viaxe é unha experiencia formativa transformadora, de cinco días de duración, dirixida a 20 persoas con ganas de compartir o seu coñecemento e de aprender e poñer en práctica ferramentas para activar procesos de cambio no seu contorno a partir de elas mesmas .

A viaxe desenvolverase nun ecosistema positivo de aprendizaxe a través de metodoloxías prácticas e vivenciais centradas na cultura colaborativa como eixo esencial. Introduciremos prácticas de coaching, intelixencia emocional, creatividade, gamificación e psicoloxía positiva.



CAL É A RUTA DESTA VIAXE?

Que imos descubrir?

AUTOCOÑECEMENTO

Que traio na mochila?

- Ferramentas para construír a partir do meu propósito vital.
- Vontade de identificar valores e traballar a partir deles.
- Motivación para desbloquear medos e crenzas.
- Estratexias de mellora da nosa autoestima, optimismo e actitude positiva.
- Visibilidade persoal.

INTELIXENCIA EMOCIONAL


Como quero disfrutar da viaxe?

- Desenvolvemento de competencias emocionais, habilidades sociais (empatía e asertividade).
- Comunicación e escoita
- Xestión e Autorregulación emocional
- Ferramentas para traballar a intelixencia emocional do equipo.

CULTURA COLABORATIVA

Como queremos convivir durante o traxecto?

- Construír equipos con alma e identidade compartida.
- Mellora da Comunicación 1.0 no equipo.
- Desenvolvemento de estruturas horizontais (holocracia).
- Liderado baseado na confianza.
- Intelixencia colectiva
- Técnicas de pensamento creativo para activar procesos de cambio.
- Intraemprendemento e novos paradigmas.



QUE BUSCAMOS?

20


Persoas con paixón
por crear cambios
no seu contorno

A Viaxe é unha experiencia de desenvolvemento dirixida a persoas entre 16 e 99 anos con ganas de coñecer novas ferramentas e de compartir con outras persoas para xerar cambios na súa contorna profesional ou persoal.

IMPARTIDO POR


4

Persoas con paixón
por crear cambios
no seu contorno



Raquel Pedrouso

Facilitadora de procesos de aprendizaxe, Coach executiva, Game Design e Formadora LinkedIn.




África Rodríguez

Activista para a creación de cultura colaborativa en equipos. Co-xestora de Espacio Arroelo Coworking SL.



Chus Prol

Xestora en Doutroxeito Coworking. Formadora en storytelling. Mediadora cultural. Deseñadora de programas formativos e de material didáctico.



Cristina Fariñas

Psicóloga, Igualdad y Prevención de la Violencia de Género, acompañamiento para la mejora de la empleabilidad

OS DETALLES

Comenzamos a viaxe...

- Datas: do 20 ao 24 de febreiro.
- Horario: luns día 20 (9.30 a 14.30 e de 16.00 a 19.00), de martes a venres de 9.30 a 14.30)
- Onde: Edificio Cersia
- De balde
- Insíbete na web de Cersia Empresa:
<http://www.cersiaempresa.gal/convocatorias>
- Máis info en colaboracompostela@gmail.com

